

CONVOCATORIA PARA A SOLICITUDE DE RECOÑECIMENTO DO COMPLEMENTO POR MÉRITOS DOCENTES (2024)

De conformidade co establecido na Normativa para a avaliación do compoñente por mérito docente do complemento específico do persoal docente e investigador, aprobada por acordo do Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela do 27 de decembro de 2024, e co obxecto de que o profesorado que reúna as condicións poida ser avaliado e se lle recoñezan, de ser o caso, os tramos que correspondan do compoñente por mérito docente do citado complemento, esta Reitoría resolve aprobar a presente convocatoria:

1.- Poderá solicitar o recoñecemento de tramos do compoñente por mérito docente do complemento específico nesta convocatoria o profesorado dos corpos docentes universitarios, e do complemento laboral equivalente o profesorado permanente laboral, contratado doutor, colaborador fixo, laboral fixo asimilado a colaborador, axudante doutor e substituto, así como o persoal posdoutoral dos programas Ramón y Cajal, Beatriz Galindo, posdoutorais da Xunta de Galicia I2C, Juan de la Cierva, Marie Skłodowska-Curie e Torres Quevedo, que a 31 de decembro do ano 2024 se encontrase en situación de servizo activo na USC ou en situación de servizos especiais ou en calquera situación de excedencia que dea dereito á reserva do posto de traballo nesta Universidade, e que, ademais, cumpra co resto dos requisitos establecidos na Normativa citada.

2.- A normativa pola que se rexe a convocatoria poderá consultarse na seguinte ligazón: [Normativa para a avaliación do compoñente por mérito docente do complemento específico do persoal docente e investigador aprobada no Consello de Goberno do 27 de decembro de 2024.](#)

As persoas interesadas poderán obter información sobre esta convocatoria no Servizo de Planificación de Persoal Docente e Investigador, nas extensións 11044, 11052 e 11051.

3.- As persoas interesadas deberán cubrir e asinar o formulario electrónico de solicitude de avaliación de méritos docentes: https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/SPPDI_AvalacionMeritosDocentes.htm

Deberase incluír anexa á solicitude, en formato PDF e preferiblemente nun so ficheiro, a documentación acreditativa sinalada no artigo 3 da Normativa para a avaliación do compoñente por mérito docente do complemento específico do persoal docente e investigador aprobada no Consello de Goberno do 27 de decembro de 2024, tanto a documentación de carácter xeral como, de ser o caso, a documentación relativa a aqueles aspectos curriculares desenvolvidos en institucións alleas á Universidade de Santiago de Compostela e non acreditados no expediente persoal do solicitante.

4.- O prazo de presentación de solicitudes estará aberto dende o día **13 de xaneiro de 2025 ao 3 de febreiro de 2025.**

5.- Non serán admitidas a trámite aquelas solicitudes que non se presenten a través do formulario electrónico da USC, as que se presenten fóra do prazo establecido ou aquelas outras

que non cumpran os requisitos esixidos pola a Normativa para a avaliación do compoñente por mérito docente do complemento específico do persoal docente e investigador aprobada no Consello de Goberno do 27 de decembro de 2024.

6.- En execución das sentenzas do 228/24 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela, e a 00177/2024 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela, os interesados que non presentaran a solicitude de recoñecemento nas convocatorias correspondentes aos anos 2022 e 2023 por non acadar un período de 5 anos aplicando o coeficiente redutor por tempo parcial vixente ata esta convocatoria, poderán facelo consonte ao disposto neste acordo no prazo establecido na base 4. Os efectos económicos do recoñecemento serán os mesmos que os da primeira convocatoria á que puidera concorrer o interesado.

As solicitudes presentadas nas convocatorias dos anos 2022 e 2023 ás que lle fora aplicado o coeficiente redutor por períodos de servizo a tempo parcial, serán revisadas de oficio consonte ao disposto nas referidas sentencias.

7.- A política de privacidade e protección de datos da USC está publicada no seguinte enlace: <https://www.usc.gal/gl/politica-privacidade-proteccion-datos>

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaía resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica
O reitor
Antonio López Díaz

Taboleiro electrónico da USC

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
07/01/2025 13:40:51.

CSV: 393C-0D75-4937-9E54